

NA CORUÑA TIVO LUGAR A CONCENTRACIÓN ONTE E AO LONGO DA MAÑÁ DE HOXE SUCEDERANSE AS MOBILIZACIÓNS EN LUGO, OURENSE E VIGO

ARRANCAN AS MOBILIZACIÓNS POLA “XUSTIZA SALARIAL”, COINCIDINDO COA XORNADA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE

Os traballadores e traballadoras non poden seguir perdendo poder de compra cunha inflación desbocada que está a poñer a moitas familias en serias dificultades

Redacción.- Coincidindo coa celebración o 7 de outubro da Xornada Mundial polo Traballo Decente, UGT e CCOO convocan mobilizacións en todo o país para demandar “Xustiza salarial” e que en Galicia xa se celebrou onte na Coruña e hoxe van ter lugar en Lugo, Ourense e Vigo, diante das sedes das Confederacións de Empresarios.

Esta campaña, en demanda de subas salariais que garantan o mantemento do poder de compra ante unha subida dos prezos desbocada, arranca o 7 de outubro en todo o país, do 14 ao 28 terán lugar asembleas informativas e reparto de propaganda nos centros de traballo e o día 3 de novembro CCOO e UGT convocan unha gran mobilización en Madrid.

Defender ás persoas traballadoras nun momento difícil

Con estas mobilizacións preténdese defender ás persoas traballadoras nun momento difícil a nivel económico e social cun crecemento da inflación e do custe da vida desbocados; demandar ás patronais que se senten para pechar os convenios bloqueados; e acadar un acordo xeral de salarios porque España é o segundo país pola cola no relativo a incrementos salariais.

Cláusulas de revisión salarial

Na negociación dun novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva UGT e CCOO vanse manter firmes na súa demanda de incluír cláusulas de revisión salarial para que os traballadores e traballadoras



non vexan diminuído o seu poder de compra, o que reduciría o consumo interno e castigaría tamén á economía en xeral. Os sindicatos advirten que, se non se consegue un acordo xeral, loitarase convenio a convenio.

Subir salarios e controlar os prezos, prioridade e necesidade

Tras o verán, CCOO e UGT empuzaron á patronal a desbloquear a mesa de negociación e a falta de resposta obrigou a dar un paso máis e saír ás rúas, xa que subir os salarios, así como controlar os prezos, hoxe debe ser unha prioridade e unha necesidade económica e social de primeira orde.

Que os salarios suban para garantir o mantemento do poder de compra dos traballadores e traballa-

doras é unha cuestión de xustiza social que, ademais, contribuirá a xerar consumo e emprego. Non se pode permitir que a clase traballadora se empobreza nunha conxuntura de crise e cunha inflación moi elevada pero que, en ningún momento, ten a súa orixe nos salarios.

Salario real estancado dende 2008, á par dos grandes beneficios empresariais

O salario real está estancado dende 2008 e o salario pactado por convenio só subiu un 2,8% cunha inflación na contorna do 10% á par que grandes empresas e banca incrementan os seus beneficios.

Por todo elo, UGT e CCOO chaman á participación nas concentracións convocadas porque chegou o momento da “Xustiza salarial”.

AGORA QUE SE XERA EMPREGO DE CALIDADE (MOI BO DATO DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA, 35,48%), A PRIORIDADE É ACABAR CO DESEMPREGO

Cos orzamentos ás portas, tanto a nivel do Estado como en Galicia, urxe dotar aos Servizos Públicos de Emprego de recursos e impulsar verdadeiras políticas activas de emprego

Redacción.- Os datos de paro e de afiliación á Seguridade Social do mes de setembro publicados polo Servizo Público de Emprego (SEPE) rexistraron un aumento do número de persoas en desemprego, reflectindo a estacionalidade propia dun mes marcado polo fin da campaña de verán. Aínda que hai que precisar que os datos de Galicia, tanto mensualmente como interanualmente, son peores que os do resto do Estado.

Non obstante, o que si hai que resaltar como un dato moi positivo, un mes máis dende que se ten aprobado a reforma laboral, é o da contratación indefinida que chega ao 35,48%, cando hai un ano esta non superaba o 8,71%. En suma, segue creándose emprego de calidade e conséntase que a reforma laboral está a cumprir coa súa finalidade.

Con todo, a pesar da mellora das condicións laborais, a situación socioeconómica das persoas traballadoras continúa véndose moi resentida como consecuencia dos efectos da guerra de Ucraína sobre a capacidade adquisitiva dos fogares. As altas taxas de inflación, o aumento dos tipos de interese e as moi moderadas subidas salariais combínanse para facer da clase traballadora a principal vítima da crise internacional.

A negativa da CEOE a asinar un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) que asegure subidas salariais xustas, como parte dun pacto de rendas que distribúa de maneira equilibrada os custos da situación actual, manifesta a falta de miras e a pouca responsabilidade da patronal para o bo devir da economía española.

Nun momento difícil cun crecemento da inflación e do custo da vida desbocados, é fundamental reabrir as negociacións coa patronal para pechar os miles de convenios bloqueados e alcanzar un acordo xeral de salarios, para iso UGT e CCOO convocaron un calendario de mobilizacións que comezará o próximo 7 de outubro, continuará no outono e terá un punto de inflexión na gran mobilización do 3 de novembro en Madrid.

O Goberno tamén debe actuar e incentivar a subida dos salarios e ingresos dos fogares, comezando por elevar o SMI e, á vez, reforzar o escudo social, destinando máis medios a combater o aumento da desigualdade. Os ingresos extraordinarios que se pretenden obter a partir da nova reforma fiscal deben ir orientados nesta dirección, per-

mitindo o financiamento de cantos programas de gasto e investimento sexan necesarios para blindar e ampliar o Estado de Benestar.

Os bos datos en materia de emprego non deben facernos esquecer a situación na que se atopan un gran número persoas que levan anos en situación de desemprego. Segundo a última EPA, en Galicia o 38% das persoas desempregadas levan máis dun ano buscando emprego e os datos de hoxe referidos á cobertura por desemprego indican que as prestacións contributivas non chegan nin á metade dos desempregados. O contrario, as prestacións non contributivas son de moita menor contía e sitúan aos seus perceptores e ás súas familias nunha moi difícil situación para chegar a fin de mes e, sobre todo, na actual conxuntura marcada polos altos prezos. Por iso, UGT-Galicia reivindica a importancia de dotar aos Servizos Públicos de Emprego de recursos necesarios para que poidan desenvolver o seu labor de maneira eficaz e impulsar Políticas Activas de Emprego con programas e servizos que se adapten ás necesidades específicas de cada persoa, brindándolles así a posibilidade real de lograr unha rápida e adecuada inserción laboral. E, ás portas da presentación das contas públicas, tanto do Estado como de Galicia, esta deben ser unha das prioridades dos novos orzamentos para o 2023.

Datos desemprego setembro Galicia

Baixando a análise concreta dos datos, estes indican que o desemprego en Galicia tivo un peor comportamento que no resto do Estado. No mes medrou en ambos contextos pero máis nesta Comunidade, nun 1,55%, fronte ao 0,6% do Estado. No ano sucedeu o mesmo, a contracción foi do 5,84% en Galicia e do 9,7% no Estado. De novo, o mercado laboral amosa aínda estar moi estacionalizado e máis en Galicia que no resto do Estado.

Entre os máis mozos, menores de 25 anos, o desemprego, sen embargo, tivo un mellor comportamento. Baixou no mes nun 2,69% e tamén diminuíu dun xeito máis acusado no ano, nun 12,82%.

Por sexos, o paro subiu en ambos casos, nun 1,66% no caso dos homes e nun 1,47% no caso das mulleres. No ano a contracción



foi do 6,23% no caso das mulleres e do 5,29% no caso dos homes. Non obstante, en termos estruturais, as mulleres representan o 59% do total do desemprego en Galicia.

Mensualmente, o desemprego medrou en todos os sectores, salvo entre o colectivo de sen emprego anterior, onde baixou o 1,41%. O aumento máis destacado, polo fin da temporada estival, foi no servizos, cunha suba do 2,21%, de feito, a gran maioría das persoas que entran no desemprego, 2.227, son deste sector. Na industria o aumento foi do 0,61%; do 0,26% na construción; e do 0,32% no sector primario.

No ano a contracción é considerable en todos, destacando a industria, cunha baixada do 12,22%; na construción, do 8,3%; no primario, do 5,24%; do 5,1% no colectivo sen emprego anterior; e do 4,7% nos servizos.

Territorialmente, o aumentou rexistrouse no mes en todas as provincias. En Lugo subiu un 0,87%; en Ourense, nun 0,27%; na Coruña, nun 1,53%; e nun 2,13% en Pontevedra. No ano rexistrouse contracción en todas elas. Na contorna do 7% en Lugo e Coruña e do 4% nas outras dúas provincias.

Como xa se apuntaba en parágrafos precedentes, un mes máis, dende a aprobación da reforma laboral, dáse un excelente dato de contratación indefinida, do 35,48%, aínda que por debaixo do resto do Estado onde esta chega ao 46,7%. Realízanse menos contratos, 81.005, que no ano anterior pero de moita máis calidade.

Por sectores, destaca a porcentaxe de contratación indefinida na construción, do 74,8%; do 32,8% no primario; do 36,4% nos servizos; e do 23,4% na industria.

En canto ás cifras de afiliación á Seguridade Social, en Galicia a media mensual é de 1.049.346, baixando non 0,57%, mentres que no Estado aumenta nun 0,15%.

O 1 DE OUTUBRO, DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS MAIORES

A UXP DE UGT-GALICIA RECLAMA QUE SE MELLORE O SISTEMA DE SAÚDE E DEPENDENCIA E QUE SE GARANTAN PENSIÓNS DIGNAS E SUFICIENTES

Nesta data a UXP do Sindicato tamén demandou que se protexa ás persoas maiores fronte á dixitalización e que se lle poña fin ao abuso das entidades bancarias nas relacións con este colectivo

Redacción.- Co gallo da celebración o día 1 de outubro, Día internacional das persoas maiores, a Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT-Galicia (UXP) trasladou á sociedade en xeral e a todas as institucións as demandas deste colectivo que en Galicia aglutina a máis de 700.000 persoas.

Así, a UXP instou ás administracións a que continúen avanzando na mellora do sistema de saúde e dependencia e a que se corrixa todas as súas eivas que afectan, dun xeito máis directo e incisivo, a este colectivo. Ademais, tamén se de-

manda que se garantan unhas pensións dignas e suficientes, tanto para os pensionistas actuais como para os futuros.

Nesta data, a UXP de UGT-Galicia, así mesmo, pediu que se protexa ás persoas maiores fronte ao avance da dixitalización e que non se permita deixar a esta colectivo á marxe e, neste mesmo senso, urxe poñer fin aos abusos que sofren nas súas relacións diarias coas entidades bancarias.



A OBRIGACIÓN DE UGT É ASEGURAR QUE TRES MILLÓNS DE EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS POIDAN PALIAR O EFECTO DA INFLACIÓN NA SÚA ECONOMÍA

UGT PON EN VALOR UN ACORDO QUE RECUPERA OS DEREITOS PERDIDOS E CONSTRÚE A ADMINISTRACIÓN PARA O SÉCULO XXI

Redacción.- UGT Servizos Públicos dá o visto bo ao acordo co Goberno que fixa, en materia salarial, unha subida do 9,5% entre 2022 e 2024. O sindicato sinala que a subida que proporciona o acordo amortece, de maneira razoablemente realista, os efectos da subida da inflación no poder de compra de case tres millóns de empregados públicos do noso país.

Ao termo da reunión da Mesa do Diálogo Social, Isabel Araque, secretaria de Acción Sindical de UGT Servizos Públicos, declarou que "UGT apoia este acordo desde a coherencia, o realismo e a responsabilidade que nos caracteriza. Un texto que pon en alza a importancia da negociación colectiva para lograr acordos que melloren a vida dos traballadores e a cidadanía en xeral. Por primeira vez nun período de crise, os empregados públicos teremos un incremento salarial, no canto de sufrir recortes en dereitos e os nosos soldos". Segundo recolle o acordo, o Goberno expón unha subida salarial máxima do 9,5% entre 2022 e 2024, cuxas cifras se distribuirían en tres anos da maneira seguinte:

2022: un incremento do 1,5% consolidable, sobre o 2% inicial fixado nos Orzamentos Xerais do Estado para este ano. A subida tería carácter retroactivo desde xaneiro e abonaríase nunha paga adicional.

2023: subida fixa do 2,5%, máis dúas subidas variables de 0,5% cada unha. A primeira operaríase se o IPC harmonizado de 2022 e

2023 supera o 6% - correspondente á suma do incremento salarial previsto inicialmente para estes dous anos-, tería carácter retroactivo, consolidable e fariase efectiva en outubro de 2023. A segunda cobraríase se o PIB nominal en 2023 chega ao 5,9%.

2024: aumento fixo do 2% máis un 0,5% variable que se cobraríase se o IPC harmonizado de 2022, 2023 e 2024 supera o 8%. Cobraríase con carácter retroactivo e é consolidable.

O texto tamén inclúe cuestións importantes para mellorar a situación laboral dos empregados públicos, como son percepción íntegra do salario nas situacións de Incapacidade Temporal; a aplicación da clasificación profesional e desenvolvemento do grupo B dentro das Administracións; a negociación da xomada de 35 horas ou inferior e regularización das condicións do persoal laboral no exterior (PLEX). O acordo incorpora reivindicacións feitas por UGT, encamiñadas a alcanzar un emprego de calidade e impulsar o rexuvenecemento do persoal das Administracións. Entre elas, a recuperación da xubilación parcial anticipada dos funcionarios públicos. O acordo rescataría a redacción orixinal do artigo 67 do Estatuto Básico do Empregado Público (letra d do apartado 1), que



alude a esta modalidade dentro das Administracións. Tamén se recupera o carácter de mínimos dos permisos e vacacións na negociación colectiva.

UGT expresou reiteradamente ao Goberno a súa preocupación pola falta de negociación de plans de igualdade nas Administracións públicas. Ata a data, só seis comunidades autónomas contan cun. Neste sentido, o Ministerio propón que se constituía a Comisión de Igualdade para impulsar a obriga de negociar plans de igualdade dentro das Administracións públicas, segundo establece o EBEP.

Recóllese a flexibilización da promoción interna e a revisión dos procesos selectivos. O acordo derrogará os aspectos lesivos do RDL 20/2012 e, ademais, impulsa a tramitación da Lei de Función Pública da Administración Xeral do Estado; a posta en marcha efectiva do teletraballo, así como a necesaria actualización da clasificación dos centros penais do país.

ANTE A CERRAZÓN DA PATRONAL, A FOLGA DO SIDEROMETAL DE OURENSE CONVERTEUSE EN INDEFINIDA DENDE O MÉRCORES

Os traballadores reclaman un convenio digno ante a escalada inflacionista

Redacción.- Os traballadores do sector do siderometal da provincia de Ourense están a secundar masivamente as xornadas de folga que dende o pasado mércores converteuse en indefinida pola intransixencia da patronal a negociar un convenio digno que palíe as consecuencias dunha suba dos prezos desbocada. Xa os pasados días 28 e 29 UGT, xunto con CCOO e CIG, convocaron dúas xornadas de folga que xa tiveron un amplo seguimento.

Os traballadores do sector, uns 4.500, reclaman a negociación dun convenio digno que garanta o mantemento do poder adquisitivo, sobre todo, nunha conxuntura de escalada inflacionista como a que se está a vivir.

Proceso negociador de máis de nove meses

Tras un proceso negociador de

máis de nove meses, a patronal segue na súa postura inicial e non acepta a suba salarial demandada polos traballadores.

A proposta de UGT FICA, xunto con CCOO e CIG, pasa por un incremento salarial do 6,5% para o 2022, do mesmo dixito para o 2023 e do 5% para o 2024, sempre con cláusula de revisión salarial que garanta o mantemento do poder de compra dos traballadores.

INSOSTIBLE INCUMPRIMENTO NA SEGURIDADE DO SERGAS

Redacción.- FeSMC denuncia que desde que no ano 2017 a empresa Salzillo Seguridade resultase adxudicataria dun contrato público a través do Sergas e, por conseguinte, ter o deber de velar pola seguridade de todas as persoas que participan diariamente na actividade dos principais hospitais lucenses (persoal sanitario, pacientes, visitantes, subcontratas, etc), do Hospital Lucus Augusti de Lugo, Hospital Comarcal de Monforte e Hospital da Costa, non fixo máis que ir diminuindo servizos, a igual prezo e, por conseguinte, inaplicando á baixa e unilateralmente o contrato de servizos que desprende unhas responsabilidades e traballos a realizar por un prezo convidado coa administración pública. Este contrato pagámolo todas e todos.

Ultimamente a desidia en realizar as súas obrigacións e o bo facer manexando fondos públicos de Salzillo Seguridade pasou límites que, doutra banda, o Sergas permite. Dicimos permite porque é coñecedor destas prácticas e non utiliza as cláusulas penalizadoras do contrato. Pódese determinar que empresa adxudica-

taria e adxudicadora están a incumplir o contrato que ambas pactaron e, por tanto, facendo un mal uso dos fondos públicos e desobedecendo ademais a Lei de Contratos do Sector Público.

Entre outros incumprimentos están:

O control do sistema perimetral e do sistema de circuito pechado de TV con conexión á central de alarma que é imposible de realizar polas persoas vixiantes de seguridade dado que os monitores situados no centro operativo de control teñen a imaxe "conxelada" ou en negro. Isto vén ocorrendo desde hai máis de 2 anos, sen que ninguén poña remedio.

En canto a medios materiais, só dispoñen de 6 talkies, cando tiñan que ser 9, os cales non funcionan de forma correcta e a comunicación non é clara, obrigándolles a utilizar os teléfonos móbiles particulares para poder comunicarse e non cometer erros durante as súas actuacións.

No prego tamén se obrigaba a incluír un plan de formación que tampouco se

cumpriu. En canto á prevención, o centro de traballo require que os vixiantes utilicen máscara e a empresa non as facilita. Dispoñen dunha única caixa de primeiros auxilios situada con todo caducado.

Lembrar, que, no seu momento, a empresa Salzillo Seguridade foi adxudicataria do concurso polas melloras ofertadas na parte técnica, (as cales non cumpriu na súa totalidade), a pesar de que houbo empresas que fixeron mellor oferta económica.

Desde UGT cremos que existe un incumprimento de contrato por parte da empresa adxudicataria e non entendemos como o Sergas o permite, xa que non é puntual, senón que levan máis de 4 anos infrinxindo contratos co beneplácito da Xunta.

Por iso, solicitamos publicamente ao Sergas que non permita a esta empresa participar no próximo concurso por incumprimento de contrato, entre outras medidas previas a adoptar en base ao contrato público.

Os traballadores da empresa de limpeza UB en Stellantis en folga

Redacción.- Os traballadores da empresa UB, encargada de limpar os embalaxes baleiros en Stellantis-Vigo, están en folga indefinida despois de nove meses de reunións e de mobilizacións para denunciar que a empresa que os subrogou intentara, xa dende o comezo, aplicarlle un novo convenio colectivo que empeora as súas actuacións condicións laborais.

As empresas que ao longo de máis de 30 anos asumiron estas funcións na factoría viguesa aplicaron sempre o convenio provincial de limpeza de Pontevedra e agora esta nova firma pretende modificar á baixa as súas condicións de traballo, algo que dende FeSMC se denuncia e non se vai sentir.



A FUNDACIÓN LUÍS TILVE COLABORA COA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA NUNHA XORNADA SOBRE A TRANSICIÓN

Redacción.- O pasado xoves 29 de setembro a Fundación Luís Tilve participou nunha xornada organizada pola Universidade de A Coruña e a editorial Akal para abordar a historia do sindicalismo en Galicia.

O acto, que tivo lugar no salón do edificio sindical de A Coruña, contou coas intervencións de Roxelio Pérez Poza, secretario da Fundación e exsecretario xeral de FETE-UGT Galicia; Suso Seixo Fernández, presidente da Fundación Moncho Reboiras; e Xan María Castro Paz, presidente da Fundación 10 de Marzo, que foron moderados polo director da Cátedra de Memoria Histórica, Uxío-Breogán Diéguez.

Os participantes fixeron unha exposición do que foi a reorganización dos sindicatos tralo franquismo e durante a transición,

na que xogou tamén un importante papel a unión sindical, como puxeron de manifesto Poza e Castro, que contaba cos apoios do sindicalismo internacional e europeo. Durante o debate recordouse que os dereitos laborais dos que desfrutamos hoxe non choxeron do ceo, senón que son froito dunha loita que, no caso da UGT, ten unha traxectoria de 134 anos (12 de agosto de 1888).

Outro dos temas que se tratou foi a relevancia que tiveron os sindicatos na integración da muller no mundo laboral a todos os niveis, incluído o da propia tarefa sindical, lembrándose que esta participa-



ción xa se viña promovendo na UGT dende principios do século XX, con casos como os das cigarreiras ou as conserveiras. A actividade tamén contou coa participación do historiador Gonzalo Wihelme, que presentou a súa obra de investigación sobre o sindicalismo en España entre os anos 1975-2004, "Sobrevivir a la derrota".

UNS PXE SOCIALMENTE COMPROMETIDOS

Redacción.- "Os Orzamentos Xerais do Estado (PXE) presentados polo Goberno son uns orzamentos socialmente comprometidos que despexan incertezas", afirmou o secretario xeral de UGT. "Van na liña do que se vén discutindo nos últimos meses no noso país e cumpren as súas obrigacións con algúns colectivos, como as persoas xubiladas".

Neste sentido, sinalou que "é o segundo ano que se aplica a reforma das pensións acordada co Goberno e vanse a revisar as pensións co IPC. Os nosos maiores teñen dereitos e ninguén llos pode quitar. Este 2023 teñen que vivir en mellores condicións que en 2022. Hai que cumprir a lei e que as pensións máis baixas suban máis".

En relación aos impostos, considerou que "as clases medias e traballadoras temos que ser conscientes de que sen impostos non hai dereitos. Os impostos non son unha carga, son dereitos para as persoas que non teñen medios e hai que reforzalos. Se seguimos a senda do PP, as rendas baixas, medias e altas teñen que ver reducidos os seus impostos, como din en Madrid".

Con todo, "España é un país que ten unha débeda pública por encima do 100% e un déficit público de 4 puntos. Calquera alivio fiscal para uns é perda de dereitos para outros. Os impostos son os instrumentos para repartir a riqueza dun país. É

de xustiza fiscal. O Goberno atopou o equilibrio nestes Orzamentos".

Outras medidas contidas nos PXE, como o aumento da contía da percepción por desemprego a partir do sétimo mes, "son tamén beneficiosas para as persoas. Sobre se as medidas nesta materia van aumentar a calidade e cantidade do emprego, non podemos facer previsións contundentes cos tempos que vivimos. Estamos en guerra, a economía sofre vaivéns...hai que ir vendo día a día o que ocorre".

O que si reclamou é "máis medios e máis recursos materiais e humanos para que a Inspección de Traballo regule mellor o mercado laboral. Fixemos unha reforma laboral moi potente pero non temos medios para facela cumprir. Demos un xiro de 180 graos na contratación no noso país. Hai algúns focos pendentes, como a indemnización por despedimento, que temos que abordar de maneira urxente".

Aumentar os salarios públicos e privados

Ademais, destacou o acordo da función pública. "É un acordo que vai na boa



dirección. Hai que fixarse no contido, con máis dereitos, 35 horas, subida salarial...é un exemplo que debe tomar CEOE no sector privado para retomar a senda da negociación, o diálogo e o acordo".

Neste sentido, lembrou que a negociación para un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) "leva parada desde o mes de abril e con poucas perspectivas de que se volva a renovar con forza. Convido á cidadanía para participar nas mobilizacións convocadas o 7 de outubro diante das patronais e o día 3 de novembro nunha gran manifestación de Madrid. A patronal vai mover ficha en función da presión que haxa na rúa e debemos facerlle saber que é imprescindible aumentar salarios e dereitos neste país".

A APROBACIÓN DA LEI DO AMIANTO, UN GRAN PASO PERO AÍND A INSUFICIENTE

Redacción.- O 5 de outubro aprobouse no Senado o texto da Lei de creación dun fondo de compensación das vítimas do amianto que en breves días será publicado no BOE e que terá que esperar a un posterior desenvolvemento regulamentario no prazo de tres meses para que entre definitivamente en vigor. Trátase dunha noticia longamente esperada polas persoas afectadas, polas asociacións de vítimas e polos sindicatos, que levamos reclamando a súa creación desde fai aproximadamente quince anos. Ademais, a Lei foi aprobada por unha práctica unanimidade dos grupos parlamentarios, o cal denota o extenso consenso que existe na sociedade española ao redor da necesidade dun Fondo destas características.

A aprobación definitiva do Fondo de compensación é motivo de satisfacción para as nosas organizacións. Con todo, non nos queda máis remedio que advertir que o texto aprobado aínda presenta unha grave carencia: a falta do establecemento da exención tributaria para as indemnizacións. As indemnizacións obtidas nos tribunais están exentas de tributar, do mesmo xeito que sucede coas establecidas nalgunhas leis, por exemplo as previstas para as vítimas do terrorismo ou as persoas afectadas polo VIH, pero co texto aprobado hoxe as vítimas do amianto que recorran ao Fondo veranse obrigadas a tributar nos tramos máis altos do IRPF, que en 2022 sitú-

anse entre o 45% e o 47%. Así mesmo, quedan por pecharse algúns focos en desenvolvemento regulamentario, algúns de vital importancia como o establecemento dunhas contías dignas das indemnizacións, porque de non fixarse unhas cantidades adecuadas, as persoas afectadas veranse obrigadas a seguir recorrendo aos tribunais, cuestión que se pretendía evitar coa creación do Fondo.

Desde UGT, a Federación Estatal de Asociacións de Vítimas do Amianto e CCOO reclamamos aos grupos parlamentarios que apoian ao Goberno a inclusión da exención tributaria no texto de Lei do Fondo de compensación, reclamación que non se viu atendida no trámite parlamentario. Con todo, aínda existe unha oportunidade de solucionar esta cuestión antes da entrada en vigor da Lei. Para iso, débese incluír unha emenda na Lei dos Orzamentos Xerais do Estado que estableza a exención modificando o artigo 9 da Lei 18/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. É un acto de xustiza para unhas vítimas coas que o Estado español ten unha débeda contraída, xa que foi un do Estados da UE que máis tardaron en prohibir de maneira definitiva o uso de calquera tipo de variedade de amianto, a pesar da existencia dunha contundente evidencia científica sobre os seus efectos



desde facía décadas. E sen esquecer que en España aínda quedan por retirar preto de dous millóns e medio de toneladas de amianto instalado sen que o Estado aprobase un plan nacional de erradicación do amianto que nos evite que a epidemia do amianto continúe afectando ás seguintes xeracións do noso país.

UGT, a Federación Estatal de Asociacións de Vítimas do Amianto e CCOO pedimos aos grupos parlamentarios que inclúan a nosa reivindicación nas próximas negociacións para a aprobación dos PXE en sede parlamentaria. E solicitamos ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, departamento encargado do desenvolvemento regulamentario da Lei, que estableza unha canle de comunicación coas nosas organizacións para negociar as cuestións craves pendentes de lexislar, tales como contías, procedementos de solicitude, definición do concepto causahabiente, etc.

A LEI DE EMPREGO DEBE CONTAR CON CONSENSO

Redacción.- Cristina Estévez e Eduardo Magaldi interveñen nas Xornadas Confederais "O emprego en España. Problemas e respostas", organizadas pola Secretaría de Política Institucional e Políticas Territoriais e por RUGE.

A secretaria de Política Institucional e Políticas Territoriais de UGT, Cristina Estévez, foi a encargada de inaugurar estas Xornadas, xunto co secretario de Estado de Emprego e Economía Social, Joaquín Pérez Rey. Unhas xornadas que duraron dous días e nas que se falou de políticas activas de emprego (PAE), da reforma estrutural, comprometida con Bruxelas, no marco do Plan de Transformación e Resiliencia, e do programa de Garantía Xuvenil +, que ten como obxecto reforzar, economicamente e con accións, ás rexións de Europa cuxa taxa de desemprego xuvenil estea por encima do 25%, como é o caso do noso país.

Estévez insistiu en que é moi importante "despexar dúbidas sobre o Proxecto de Lei de emprego e da conversión do Servizo Estatal Público de Emprego a Axencia Española de Emprego, dous dos cambios legislativos relevantes que tamén están comprometidos". Dixo que UGT vén denunciando "desde hai meses" que ambos os proxectos, que transformarán o SEPE de organismo autónomo a Axencia, "non se negociaron no marco do diálogo social". Aínda que valorou que as achegas realizadas por UGT, nas reunións concretas da Comisión Executiva do SEPE, "tivéronse en conta e incluíronse no Anteprojecto de Lei de Emprego".

Estévez lembrou, ademais, que desde hai meses o sindicato reclama que se teña en conta a calidade asistencial e a intermediación laboral no SEPE, e a posibilidade de pedir cita ou

realizar a solicitude da prestación por desemprego de maneira presencial, non só virtual. "A pesar de que se están iniciando accións neste campo, como o aumento dos cadros de persoal no SEPE, consideramos imprescindible tratar estes temas, para que non mingüe a calidade da atención, que está a afectar ás persoas máis vulnerables". Tamén hai que abordar as diferenzas entre comunidades autónomas e as necesidades de poñer fin ás longas esperas á hora de facer algún tipo de xestión presencial.

Outro aspecto fundamental destas Xornadas "foi coñecer as accións concretas que se van a despregar no programa de Garantía Xuvenil + así como as oportunidades que este programa desenvolve". É vital que as políticas activas de emprego cheguen aos mozos máis vulnerables e con menor cualificación formativa e laboral.

UGT CELEBRA A APROBACIÓN DA DIRECTIVA EUROPEA DE SALARIOS MÍNIMOS

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores celebra a aprobación por parte do Consello da UE da Directiva europea sobre a adecuación dos salarios mínimos legais, que contribuirá a lograr unhas condicións de vida e de traballo dignas para as traballadoras e os traballadores de Europa, a redución de desigualdades salariais e o reforzo da negociación colectiva na fixación salarial nos estados membros, como UGT sempre defendeu.

Neste sentido, esta directiva foi impulsada grazas, en gran medida, aos esforzos realizados desde o movemento sindical e aos acordos alcanzados co Goberno, que posibilitaron que España sexa pioneira na subida continua do salario mínimo. Coa aprobación desta directiva, facemos realidade unha das nosas reivindicacións históricas nun momento crucial, no que a crise de poder adquisitivo pon en risco as economías domésticas, garantindo unha maior protección ás familias.

Por todo iso, UGT considera especialmente relevante a inclusión do reforzamento da participación dos interlocutores sociais durante todo o proceso de toma de decisións na fixación e actualización dos salarios mínimos legais, ademais de subliñar a necesidade dun limiar de decencia dos salarios mínimos para poder levar a cabo un nivel de vida digno e contribuír á mellora do benestar social e a calidade de vida da

poboación.

Impulso de dereitos

UGT valora que esta directiva adecúe os salarios mínimos a nivel comunitario, reclamando aos Estados membros con salarios mínimos legais que establezan un marco de procedemento para fixalos e actualizalos de acordo a un conxunto de criterios claros. As actualizacións do salario mínimo legal efectuaranse polo menos cada dous anos (ou, como máximo, cada catro anos no caso dos países que utilizan un mecanismo de indexación automática). Con todo, a Directiva non prescribire un nivel específico para o salario mínimo que deban alcanzar os Estados membros.

Ademais, promociona a negociación colectiva sobre a fixación de salarios. Un dos obxectivos da Directiva é aumentar o número de traballadores cubertos pola negociación colectiva sobre a fixación de salarios. Para conseguilo, os países deben promover a capacidade dos interlocutores sociais para participar en negociacións colectivas. Cando a taxa de cobertura da negociación colectiva sexa, por exemplo, inferior a un limiar do 80%, os Estados



membros deben establecer un plan de acción para promover a negociación colectiva. O plan de acción debe fixar un calendario claro e medidas específicas para ir aumentando progresivamente a taxa de cobertura da negociación colectiva.

A directiva tamén promove o acceso efectivo á protección do salario mínimo. O texto establece que os Estados membros adoptarán medidas para mellorar o acceso efectivo dos traballadores á protección do salario mínimo legal. Entre elas, inclúense controis por parte das Inspeccións de Traballo, información facilmente accesible sobre a protección do salario mínimo e o desenvolvemento da capacidade das autoridades encargadas de velar polo cumprimento da lexislación para tomar medidas contra os empregadores que incumpran a normativa.

O COMITÉ EUROPEO DE DEREITOS SOCIAIS ADMITE A TRÁMITE A DENUNCIA DE UGT POLOS PREZOS DO DESPEDIMENTO

Redacción.- O Comité Europeo de Dereitos Sociais do Consello de Europa (CEDS) admitiu a trámite a reclamación interposta por UGT o pasado 24 de marzo contra o actual sistema español de despedimento, que incumpre de maneira manifesta o artigo 24 da Carta Social Europea e o Convenio 158 da Organización Internacional do Traballo (OIT). Un pronunciamiento que, por certo, realiza o Comité a mesma semana na que resolve que Francia incumpre o dereito de protección en caso de despedimento.

Desta forma, o CEDS estima de prazo ata o 30 de novembro para que o Goberno e as organizacións empresariais europeas presenten as súas observacións ante esta cuestión, e para que UGT responda as alegacións do Executivo. Para o sindicato, a indemnización por despedimento debe ser suficientemente reparadora e proporcional

do dano que produce á persoa traballadora, e ata o momento, non o é, sobre todo para as persoas que levan pouco tempo empregadas. O traballador ou traballadora sofre prexuízo se perde o traballo de forma arbitraria e o custo do despedimento devaúlouse nas últimas décadas.

Neste sentido, a reforma de 2012 disparou a temporalidade, reduciu os salarios e aumentou a brecha de desigualdade. Ademais, ao reducir a indemnización, eliminar os salarios de tramitación e diminuír a intensidade das causas do despedimento, fomentouse acudir a vías extintivas aparcando figuras máis protectoras co emprego e coas persoas.

As sucesivas reformas laborais converteron o despedimento inxustificable en libre e escasamente pago. A reducida indemnización por unha extinción arbitraria

non cobre o dano realmente causado. A actual normativa española reguladora do despedimento non ampara á persoa traballadora fronte a decisións arbitrarias, sen causa real, onde a empresa non ten que facer o mínimo esforzo por probar a causa que di para xustificar a extinción.

Por iso, UGT considera fundamental cumprir coa normativa internacional vixente e manter o dereito do traballo como elemento fundamental de cohesión social. A reforma laboral de 2011, acordada polos interlocutores sociais e o Goberno, aposta polo emprego estable, protexendo o que está insuficientemente protexido. Pero aínda queda a segunda parte, a que contén elementos tan importantes como o despedimento, que hai que abordar de maneira inmediata na mesa de diálogo social e adecuar esta materia á lexislación vixente.